

CEG de Cáceres

domingo, 14 de abril de 2013

Conferencia do escritor Mario Regueira e da escritora Lorena Souto en Cáceres

LITERATURA GALEGA
CONFERENCIA
FACULTAD DE FILOSOFÍA Y LETRAS DE CÁCERES
AULA 3 - 10H00 - 18 DE ABRIL

MARIO REGUEIRA
Literatura galega, unha literatura política
Licenciado en Filoloxía galega e escritor ten publicado obras de narrativa, poesía ou ensaio. Foi xefe de gabinete nos diferentes premios, entre os que se destacan o Xerais, Castelano de Pineda ou o Luengo Rey de Novela curta.

LORENA SOUTO
Escritora novelista. Recentemente publicada na poesía galega actual.

Asociación de escritores en lingua galega
CEG Cáceres
XUNTA DE GALICIA
UNIVERSIDADE DE CÁCERES

Cartaz da conferencia

O Centro de Estudos Galegos de Cáceres e a **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)**, organizan en parceria unha actividade cultural que terá lugar na Facultade de Filosofía e Letras de Cáceres e na que participarán o escritor Mario Regueira e a escritora Lorena Souto.

Marcada para o próximo xoves día **18 de abril**, a conferencia terá lugar na hora e espazo que veñen sendo habituais no presente curso, isto é, **aula 3** da Facultade de Filosofía e Letras de Cáceres entre as **10h00** e as 12h00.


Deixamos, a seguir, o resumo das intervencións ofrecido polos autores:



Mario Regueira – Literatura galega, unha literatura política

Con esta intervención pretendemos achegarnos á historia da literatura galega e á forma na que o seu desenvolvemento estivo relacionado con tomas de posición que atinxían frecuentemente a resistencia política ou á proposta de modelos de Estado diverxentes. Dende o punto de partida da lírica medieval, na que a expresión literaria galega parte dunha situación de prestixio internacional, explicaremos os trazos xerais de historia da Galiza, da súa lingua e da súa expresión literaria, facendo fincapé especial nos seguintes puntos:

- O Rexurdimento como movemento literario-cultural que prefigura a evolución do Provincialismo ao Rexionalismo, e anticipa elementos do futuro movemento nacionalista.
- O discurso socio-político da Xeración Nós e o seu traballo na creación dun acervo propio. A importancia das relacións literarias internacionais nos anos vinte e trinta.
- A Guerra Civil española e o seu impacto no campo literario galego: represión e exilio.
- A reconstrución do tecido cultural galego entre os anos 50 e 60. Os autores galegos entre o proxecto de Galaxia e a influencia das correntes literarias internacionais.
- A transición política: consolidación do panorama editorial e proxectos empresariais. Autonomía e compromiso político dos autores en lingua galega.
- A contemporaneidade. A literatura galega fronte aos discursos relacionados coa guerra civil e en relación á represión política contemporánea.



Lorena Souto

Lorena Souto – Resistir hoxe: Novos panoramas na poesía galega actual

O noso traballo como escritoras e escritores enmárcase nun campo cheo de puntos e traxectorias que nos atravesan e forman parte da nosa propia escrita de maneira ineludíbel.

Nesta charla preténdese facer un percorrido por diferentes autores e tendencias da poesía galega que amose o panorama rico e múltiple que existe na nosa escrita de hoxe, e que non renuncia ao diálogo coas súas raíces literarias.

Desde un enfoque lúdico que partirá dos textos –con recitado e apoio en imaxes e vídeos– mapearemos algúns dos elementos e proxectos abordados desde unha mirada resistente. Estes influíron de maneira determinante na escrita propia e funcionan como puntos de encontro no traballo de compañeiras e compañeiros. Como guía apoiarémonos nos seguintes eixos:

- - Discurso resistente desde a perspectiva de lingua e pobo:
 - Enfoques actuais dun posicionamento necesario
 - Diálogos, relacións e contrastes cunha tradición longa de reivindicación identitaria
- - (de)construción crítica do xénero e da sexualidade:
 - Novos modelos do eu e o traballo consciente de reconstrución

- A necesidade de volver aos mitos e á(s) historia(s) que nos contaron
- De obxecto a suxeito da mirada erótica e a ruptura coa heteronormatividade
- Contracanonizando:
 - Reapropiarse das figuras canónicas (olladas novas sobre Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Celso Emilio...)
 - @s nos@s son canon (Lois Pereiro)
- - Retroalimentación e puntos de encontro entre coetáne@s